

Parques de **Santiago de Compostela**
Granxa do Xesto



Granxa do Xesto



1ª Edición: Setembro de 2009

Edita: Concello de Santiago de Compostela.

Textos: FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (**FESAN**).

Fotos: FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (**FESAN**).
Coa colaboración especial de DR. RUFINO VIEIRA LANERO. ESTACIÓN DE HIDROBIOLOXÍA "ENCORO DO CON"
en "Para saber máis. COMUNIDADE ANIMAL". **Textos e Fotos.**

Maquetación: **Magneto Studio**

Revisión Lingüística: Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago de Compostela.

Imprime: NINO, Centro de Impresión Digital, S.L.

Depósito Legal: xxxxxxxxxx

Impresión en Papel Reciclado.

Parques de **Santiago de Compostela**
Graxa do Xesto



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Concellaría do Medio Ambiente
Parques e Xardíns

INTRODUCCIÓN

O parque da **Granxa do Xesto**, ao que se accede desde Galeras, atravesando a ponte de Asén e subindo por Casas Novas, está situado na leira oeste do monte Pedroso. Este parque conserva en gran parte as formacións vexetais nativas, que conviven con outras de nova incorporación; conta ademais cun conxunto de pequenos lagos.

O espazo conta cun edificio con servizos de cafetería e tamén con bancos e mesas para o descanso e o encontro. Ten amais unha zona de exercicios e unha área de xogos infantís. As opcións de lecer complétanse con actividades de pesca sen morte en determinadas épocas do ano.



Vista da Granxa do Xesto

Os principais eixes vertebradores do parque son a integración no medio e a conservación ambiental. Así, os recursos naturais en forma de lagos, de bosquetes, matogueiras ou prados, son empregados como medio para o lecer e como conformadores da paisaxe, ao tempo que se garante a súa conservación.

O parque, nos seus 82.711 metros cadrados, ofrece case 3 quilómetros de sendas que permiten achegarse a un elevado número de especies tanto de flora como de fauna pertencentes a hábitats terrestres e acuáticos, ou contemplar as paisaxes e as vistas que ofrece este miradoiro natural. Ao longo do percorrido atópanse paneis informativos que explican diversos aspectos do parque. Varios camiños parten desde aquí até o cumio do monte Pedroso.

ORIXE DO PARQUE

A Graxa do Xesto era en orixe unha área de produción forestal de escasa rendibilidade. Nela coexistían especies autóctonas e especies introducidas, cultivadas para o seu aproveitamento.

Cando se decidiu transformar este lugar nun espazo verde para o goce da cidadanía formulouse o obxectivo de recuperar en parte a fraga atlántica orixinal, co mantemento das especies que formaban parte dela e coa creación dun espazo bioloxicamente diverso e ecoloxicamente funcional; ao tempo, conformábase unha área recreativa para o ocio, o deporte e a aprendizaxe.

O parque actual é o resultado da eliminación de eucaliptos e acacias, especies de forte carácter invasor, e da conservación e plantación de especies propias dos nosos bosques. Conserváronse carballos e bidueiros, así como exemplares de piñeiros e pequenas masas de castiñeiros, que foron ampliadas até conformar bosquetes, grazas ás plantacións realizadas por escolares na celebración do Día da Árbore.

Ademais das especies arbóreas e tamén conformando espazos diferenciados, mantivéronse no parque especies de matogueira, incluído o toxo (*Ulex europaeus*), a xesta (*Cytisus* sp.), a queiroga (*Erica* sp.) ou as roseiras silvestres (*Rosa* sp.). Non faltan tampouco as abeleiras (*Corylus avellana*), o érbedo (*Arbutus unedo*) ou o estripeiro (*Crataegus monogyna*). Na primavera amais, aquí e acolá, florecen as abrótegas (*Asphodelus albus*).

Nas inmediacións do parque atópase a “Selva Negra”, unha finca de grande importancia paisaxística, recreativa e ecolóxica que foi adquirida polo Concello para pór á disposición da veciñanza as máis de 19 Ha de superficie desta área, na que se realizará unha intervención similar á feita na Graxa do Xesto.

PUNTOS DE INTERESE**1-Entrada ao parque e ao Souto.**

No comezo do percorrido pola Granxa do Xesto atópase unha grande rocha de curiosas formas, labrada pola natureza e recuberta de líquenes, na que ademais dun poema de Rosalía de Castro está inscrita a data de inauguración deste espazo como parque urbano (outubro 2003).



Entrada ao parque

Inmediatamente detrás da entrada sitúase un souto de castiñeiros novos. Os castiñeiros son árbores de orixe asiática, e a súa chegada a Galicia estivo probabelmente mediada polos romanos. Esta árbore tivo unha enorme importancia na vida diaria do rural galego ao longo de varios séculos, importancia que chegou a ser case vital, xa que antes da chegada da pataca, procedente de América, a castaña era a principal fonte de carbohidratos na dieta galega. A súa madeira, ademais de servir de combustíbel, é empregada hoxe para a carpintaría e para a ebanistaría.

Souto de castiñeiros novos



2-Monte mixto.

A Granxa do Xesto caracterízase por atoparse a medio camiño entre un parque urbano e un Monte mixto. Parte do parque conserva as formacións vexetais espontáneas, que presentan un aspecto natural, diferenciado das áreas axardinadas que podemos atopar máis frecuentemente noutros parques

Entre as especies arbóreas presentes nesta zona cabe destacar o carballo, o piñeiro e o castiñeiro, aos que acompañan arbustos e plantas herbáceas.

3- Augas subterráneas

En varios puntos do parque podemos atopar minas de auga, ocodos que mana a auga que sae ás lagoas. Estes medios húmidos e subterráneos son esenciais para moitas especies, entre elas a salamántiga, un anfibio ameazado que só cría neste tipo de hábitats.

4-Masas de auga.

Un lago grande, situado case no centro do parque, e varios pequenos en forma de lingua, achegan un singular valor a este parque.

Lago e entorno



5- Vista sobre o casco histórico.

Este punto ofrece unha boa perspectiva sobre o propio parque e tamén sobre a cidade histórica, presidida pola catedral, detrás da cal pode verse a Cidade da Cultura. Tamén se divisa desde aquí a inconfundíbel silueta do Pico Sacro.

Vista sobre o casco histórico



6-Matogueira.

A pesar dos cualificativos despectivos que recibe (maleza, monte inculto etc.), desde o punto de vista ambiental as matogueiras son un dos hábitats que maior riqueza de fauna e flora conteñen.

Algúns dos elementos que forman parte da matogueira e que podemos atopar no percorrido pola Granxa do Xesto son os toxos, as queirogas e as xestas.

Toxo (*Ulex europaeus*).

O toxo é unha planta moi espallada en Galicia, caracterízase pola cuberta de espiñas que abrangue toda a súa superficie. As súas flores son amarelas, cos pétalos dispostos en forma de bolboreta: o seu froito é unha legume de igual estrutura cás fabas. As súas sementes levan adherido un pequeno botón amarelo moi enerxético e apreciado polas formigas, que axudan a propagar a semente do toxo.

En ocasións, sobre as espesas toxeias podemos ver uns filamentos de cor rosácea que asentan sobre as súas espiñas, trátase das barbas de raposo (*Cuscuta* sp.), unha planta parasitaria que vive roubándolle os nutrientes directamente do seu zume.



Toxo (*Ulex europaeus*)

Queirogas (*Erica* sp.)

Hai moitas especies de queirogas diferentes, a maioría de baixo porte (menos de medio metro de altura). Teñen as follas pequenas duns poucos milímetros- e, as máis das veces, coas beiras revoltas. As flores, de cor rosa-violácea, en forma de pequenos tubos, forman grupos ao longo das ramas ou ao final delas. En zonas nas que esta planta forma poboacións extensas a súa floración chega a tinguir de morado ladeiras enteiras dos montes.



Queiroga (*Erica* sp.)

Xesta (*Cytisus* sp.).

A xesta branca (*Cytisus multiflorus*), emparentada co toxo, non presenta espiñas senón pequenas follas, normalmente agrupadas de tres en tres con paredes medianeiras que as unen ás ramas por un pequeno pé. Este tipo de xesta é un endemismo do noroeste e centro peninsular, é dicir, que non existe de forma natural en ningún outro lugar do mundo. Outra especie, de xesta de flor amarela, tamén cunha forma moi similar á flor do toxo, empregouse de forma tradicional como vasoira, potencialidade que se re-colle no seu nome científico (*Cytisus scoparius*).



Detalle de flor

Xesta branca (*Cytisus multiflorus*)

7-Bidueiros (*Betula alba*)

Os bidueiros poden alcanzar até os 20 metros de altura. A súa cortiza é abrancazada, con fendas ou raias horizontais que lle dan un aspecto moi característico.

Trátase dunha especie de árbore monoica, é dicir, coas flores masculinas e femininas separadas, pero na mesma árbore. Unhas e outras reúnense en amentos, estruturas a xeito de espigas colgantes e flexíbeis.

Bidueiros (*Betula alba*)



O seu tempo de florecemento é por abril ou maio. Os froitos, moi pequenos, teñen dúas ás que facilitan a súa dispersión polo vento.

O seu hábitat preferente son as zonas húmidas dos bosques caducifolios e as beiras dos ríos; resiste ben o frío.

Esta árbore tivo e ten múltiples usos. A súa madeira é empregada hoxe en ebanistería e carpintaría e foi usada en tempos na fabricación de zocas, carbonizada serviu para obter tinta para imprenta. A cortiza pola súa banda usouse para a elaboración de pergamiños e as follas posúen propiedades medicinais.

10-Fonte.

Na parte final do percorrido atópase unha fonte, na que a auga proveniente das minas do monte Pedroso, despois de percorrer o parque, cae a una pía desde a que pasa a circular soterrada.

Nesta e noutras zonas sombrías do parque danse as condicións necesarias para que medren especies vexetais moi ligadas á humidade como o musgo e os feitos, das que no parque hai moitas e variadas especies. Neste punto podemos atopar un panel explicativo sobre as formas de vida das devanditas especies.



Fonte



PARA SABER MÁIS

VIDA ACUÁTICA

Se hai un aspecto no que a Granxa do Xesto se diferencia doutros parques este é, sen dúbida, a presenza do medio acuático, representado por catro lagoas artificiais.

Estas lagoas están intercomunicadas e recollen a auga da ladeira do monte Pedroso, a auga flúe por gravidade entre elas. As lagoas dotan o parque dun destacado valor engadido en aspectos moi diferentes: paisaxístico, ornamental, de riqueza en flora e fauna e mais como lugar de lecer e tamén de aprendizaxe.



Lagoa e vexetación de ribeira

A lagoa ou gran charca, situada nas proximidades do centro xeográfico do parque, é utilizada para a práctica da pesca con solta de troitas.

O camiñante que se achegue a unha destas grandes charcas verá que, antes de chegar á auga, a vexetación xa comeza a cambiar. Aparecen preto da beira pés de salgueiros e, máis preto aínda, pequenos espadanais, xunqueiras, lirio amarelo e outras plantas, que non se atopan no resto do parque. Trátase dunha asociación vexetal, é dicir, un conxunto de plantas que adoitan aparecer xuntas porque comparten os mesmos ou similares requirimentos, están asociadas a hábitats moi definidos, neste caso á beira das masas de auga.

Para saber máis

A auga é un elemento vital para todos os seres vivos, pero o seu exceso tamén pode ser daniño. Por iso, as plantas que viven tan preto ou dentro das masas de auga teñen adaptacións especiais para levar osíxeno ás súas raíces, crear tecidos metade flotador, metade columna e poder erguer as súas flores por riba da auga, ou, como o nenúfar, para deixar afundido na lama do fondo un bulbo, fragmento de vida latente, para que cando pase o frío inverno, que acaba co resto da planta, poidan abrollar formando talo, follas e novas flores ao chegar a primavera.

Moitos animais conviven con estas plantas nas zonas húmidas. Falamos de pequenos insectos que pasan a maior parte da súa vida ocultos baixo a auga e que só saen dela para voar durante uns poucos días antes de morrer, non sen antes buscar parella, para deixar en forma de ovos acuáticos a seguinte xeración. Anfibios como a ra verde, ou o pintafontes común, que acoden á auga cada ano e moitos outros que aproveitan dunha ou outra forma este medio.

COMUNIDADE VEXETAL.**As beiras.****Salgueiros (*Salix* sp.).**

Os salgueiros son árbores que non adoitan acadar demasiada altura, moitas veces presentan aspecto arbustivo máis que arbóreo. Sempre ligados á auga son plantas moi ramificadas, parten as primeiras ramas de moi baixa altura. As follas son verdes pola parte superior pero abranzadas na inferior, de forma lanceolada-ovalada e coa marxe levemente dentada. Florecen moi cedo, xa en xaneiro e até o mes de abril.

Xuncos (*Juncus* sp.).

As longas agullas en que se converteron os seus talos e follas son a marca de identificación inequívoca dos xuncos. Poden chegar a medir até metro e medio de altura. As flores son pouco vistosas e aparecen de maio a xuño.

Lirios amarelos (*Iris pseudacorus*).

Esta planta herbácea presenta un forte rizoma (talo subterráneo) do que parten as longas e verdes follas. A flor é moi rechamante, de até 10 centímetros de diámetro e de cor amarela brillante, unicamente presente no verán, de xuño a xullo.

Lirio amarelo (*Iris pseudacorus*) en flor



Espadanas (*Typha* sp.)

Planta que pode acadar máis de dous metros de altura. Posúe grandes follas lineares, pero sen dúbida o elemento que máis caracteriza a esta planta é a espiga, un cilindro situado na parte superior dos talos, formado por centos de pequenas flores, que coroa os talos e se volve de cor marrón ao frutificar. Atópase na beira e no interior das masas de auga, en zonas de pouca profundidade.

O interior das lagoas.

Herba lameiriña (*Callitriche* sp.)

É unha planta acuática que forma grandes poboacións en augas tranquilas ou quedas. Presenta moi finas raíces que parten de diferentes puntos do talo e se internan nos fondos limosos, entrelazándose entre elas e coa materia do fondo, permitíndolle ancorar a planta. As follas son pequenas, redondas e non pasan a superficie da auga.

Lentella de auga (*Lemna* sp.).

Como o seu nome indica, o aspecto desta planta, unha das máis pequenas que existen, é o dunha lentella verde que flota na auga. Se a examinamos de preto verase que presenta unha pequena raíz, aparentemente non dividida. Como defensa fronte aos predadores (como caracois acuáticos) presenta cristais de oxalato cálcico nos seus tecidos.

Nenúfares brancos (*Nymphaea alba*).

É esta outra planta acuática de gran beleza, tanto polas grandes follas como polas fermosas e grandes flores que brotan na auga. O bulbo subacuático resiste o inverno, mentres o resto da planta morre. Pode formar poboacións densas en zonas de remanso.

Nenúfares brancos (*Nymphaea alba*)



COMUNIDADE ANIMAL.

O aire e as beiras.

As libeliñas e cabaliños do demo (Odonatos).

As libeliñas e os cabaliños do demo son a fase adulta dos odonatos. Son estes animais de gran beleza. Antes de poder voar viven baixo as augas, cun aspecto moi diferente.

Son feros predadores, chegando a capturar larvas de anfibios ou pequenos peixes. No parque pódense ver, cando menos, oito especies diferentes, de metalizadas cores azuis, verdes ou vermellas.

Entre os cabaliños do demo máis abundantes no parque están *Calopteryx virgo* (machos de cor azul, femias verde metálico), *Phyrrhosoma nymphula* (vermellos), *Ischnura elegans*, *I. pumillo* e *I. graellsii* (machos azuis, con case todo o abdome negro, agás un segmento azul no extremo) e *Enallagma cyathigerum* (azul con segmentos negros alternos no abdome).

Postura “en tándem”
dunha parella de
Ischnura sp.



Phyrrhosoma nymphula



Enallagma cyathigerum





Entre as libélulas son frecuentes *Libellula quadrimaculata* (alaranxada e con dúas manchas marróns en cada á) e *Gomphus pulchellus* (amarela, con dúas liñas negras lonxitudinais sobre o abdome).

Libellula quadrimaculata

Efémeras (Efemerópteros)

As efémeras adultas pódense atopar descansando na vexetación próxima a auga. Voan para dispersarse e reproducirse, pero a súa vida aérea é moi breve, xa que chega a ser de só uns días, de aí o seu nome. Aínda así, antes de voar, os xuvenís ou ninfas viven baixo a auga.



Tanto na auga como no aire, teñen unha característica que en xeral permite identificalas doadamente: o corpo remata en tres longos filamentos.

Efémera

Rá verde (*Rana perezi*)

As ras verdes son anfíbios peculiares, xa que lles gusta tomar o sol. Cando un paseante se achegue ás beiras escoitará como van entrando na auga dun salto. Contando as batuxadas pódese dar unha idea do número de ras que habitan na poza. Sendo coidadosos e acostumando a vista a percorrer a beira da charca pódense ver antes de asustalas. Na primavera e no verán os machos forman coros, que poden ser moi ruidosos se a poboación é grande.

Con sorte pódense chegar a ver os sacos vogais que os machos enchen de aire para cantar. As femias poñen grandes masas de ovos na auga dos que nacen as larvas (os cágados ou culleres) que terán que superar unha vida acuática asediada por multitude de predadores ata a súa metamorfose outonal.

Rá verde (*Rana perezi*)**Lavandeira branca (*Motacilla alba*)**

A abundancia de insectos voadores no contorno das pozas atrae a lavandeira branca e a outras aves insectívoras como os rabirrubios (*Phoenicurus ochrurus*) e paporrubios (*Erithacus rubecula*), ademais das que acoden ás lagoas para beber e refrescarse.

Lavandeira branca (*Motacilla alba*)

A superficie da auga.

Xirínidos (Coleópteros)

Na lámina de auga pode que chamen a atención a presenza de pequenas ondas na superficie. Nas zonas en que un se poida achegar á auga, verá que son causadas por uns pequenos animais que non paran de moverse, xirando de maneira incansable: de aí o seu nome de xirínidos. Son uns escaravellos que viven en grupo, empregando as ondas creadas polo seu movemento para detectar pequenos animais que caen na auga, dos que se alimentan. Presentan uns ollos divididos en dúas partes, como gafas bifocais, a superior para ver no aire e a inferior para ver na auga.



Grupo de xirínidos na superficie da auga



Vista lateral dun xirínido

Zapateiros (Gérridos)

Zapateiro (*Gerris* sp.)



Moi característicos das pozas, lagoas e mesmo zonas remansadas dos ríos, estes insectos aproveitan a tensión superficial da lámina da auga para sustentar o peso do seu corpo e patinar sobre ela. Atrapan as presas mediante minúsculas unllas e teñen o extremo da pata cuberto por pelos repelentes da auga. Son bos voadores e dáse a circunstancia de que as especies que viven en zonas que se secan en veráns teñen ás longas, para poder emigrar a outras pozas, mentres que as que viven en ríos ou lagoas permanentes teñen as ás curtas.

Columna de auga.**Barqueiros (Notonéctidos).**

Insectos de pequeno tamaño emparentados cos zapateiros. Pasan parte do tempo quedos, xusto baixo a superficie, co ventre cara a arriba, o que os fai inconfundibles e que lles outorgou o seu nome latino, *Notonecta*, que significa nadador de costas. Son feros cazadores, capaces de desprazarse moi rápido grazas a un par de grandes patas cos marxes orladas de pelos, e á forte musculatura asociada, que lles permite remar enerxicamente ata capturar as súas presas.



Ao igual que os mergulladores, levan con eles o subministro de aire, xa que portan unha burbulla no extremo do abdome, que renovan con frecuencia na superficie.

Notonecta glauca

Ditíscidos (Coleópteros)

Entre os ditíscidos hai grandes escaravellos, bos e fortes mergulladores, capaces de devorar ras, tritóns e mesmo pequenos peixes. Posúen un deseño aplanado, similar ao dos galápagos, que minimiza a resistencia á auga. Para impulsárense utilizan, sobre todo, as fortes e peludas patas traseiras.



Adulto de *Dityscus marginalis*.

Troita común (*Salmo trutta*)

Un programa de introdución de exemplares de troita común permite que os nenos poidan practicar a pesca “sen morte”.



Exemplar de troita común (*Salmo trutta*)

O fondo das lagoas**Frigáneas (Tricópteros)**

A fase acuática destes animais é inconfundible, pois moitas especies adoitan cubrir o seu corpo empregando materiais que recollen do medio, como grans de area ou restos vexetais.

O grupo dos limnefilidos é un dos máis abundantes das lagoas.



Larva de tricóptero



Limnephilido



Os tricópteros adultos ou frigáneas parecen pequenas couzas marróns e no serán é doado ver algunhas especies de tricópteros e dípteros voando sobre a superficie da auga mentres buscan parella e realizan a posta, como se reflicte na foto seguinte.



Moscas e mosquitos (Dípteros)

O grupo dos dípteros é moi diverso. As larvas de moitas especies son acuáticas e adoitan ter o aspecto dun verme sen patas e, moitas veces, sen cabeza visible (coma os limónidos); non obstante, outras larvas teñen formas moi características, coma os simúlidos. A presenza de hemoglobina na sangue fai que as larvas de algunhas especies de quironómidos teñan unha cor vermella característica. Aínda que a fase larvaria é moi importante, tamén é frecuente observar enxames de machos e femias que danzan sobre a auga ou sobre algún arbusto.




O Quironómido adulto constitúe un componente esencial das redes tróficas.



Larva de quironómido



Larva de limónido



Larva de simúlido

Pintafontes (Anfibios)

Os pintafontes son anfibios que, a diferenza de ras e sapos, seguen a ter rabo durante toda a súa vida. Aínda que adoitan vivir en terra gran parte do ano, acoden á auga para se reproduciren.

Durante a reprodución a femia vai poñendo os ovos un a un en follas de plantas acuáticas, como herba lameiriña (*Callitriche* sp.), e protéxeos dobrando a folla sobre o ovo, axudándose coas patas traseiras.



Pintafontes común
(*Lissotriton boscai*)

Para saber máis


No parque están presentes dúas especies de pintafontes: o pintafontes común (*Lissotriton boscai*), de ventre alaranxado, e o pintafontes verde (*Triturus marmoratus*), de maior tamaño e ventre negro.




Pintafontes verde (*Triturus marmoratus*)



Notas



Notas



Observacións

Observacións

Graxa Do Xesto

